



**CONSELLO PARROQUIAL  
CERPONZÓNS  
13/12/2017**

**ASISTENTES:**

- Comunidade de Montes
- AAVV O Chedeiro
- Asoc. Cultural Chan do Monte
- Cerponzóns CF
- Veciños e veciñas da parroquia
- Pilar Comesaña

A concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña reúne cos integrantes do Consello Parroquial de Cerponzóns a petición da Asociación de veciños O Chedeiro para recoller as peticións que queren transmitir ao Concello.

1. Que o Concello apoie a carta que mandou a Asociación ao director de infraestructuras da Xunta para que as entradas para as propiedades afectadas pola variante de Alba queden nas mellores condicións posibles.
2. Aproveitando a nova variante se faga un sendeiro polo río dende **San Caetano** ata **A Ponte**. Creen que por ahí ía o antigo senderio dos pescadores.
3. **Leborei**. Apoio para dar solución á problemática existente cunha veciña moi conflictiva. A concelleira informa que as obras do camiño que vai ata a vía están listas para comezar. Haberá que ir coa policia para evitar os problemas con esta veciña.  
Limpeza da Fonte de atrás.  
Colocación de espello no cruce que hai entre o n.º 35 e 40 aproximadamente.  
Colocación de reductores de velocidade no vial de Adif. O problema é que dende o Concello non se pode actuar en vías que non sexan de titularidade municipal. Terían que facer unha cesión.
4. Arranxo da marxe do río Gándara, no lugar de **A Ufa**. Pedíuse permiso a Augas de Galicia para poder actuar. O derrumbe está a punto de afectar a ponte e o camiño existente.
5. Revisar os puntos de luz en **Pidre**, entre o número 62 e o local social.
6. Pequenos arranxos: escaleiras de acceso á igrexa entre **Leborei** e **Tilve**. Reparación de muro en **A Meán** (xa feito).
7. Petición de colocación de semáforos na Nacional 550 e construción de dúas rotondas. A Concelleira resposta que é unha estrada propiedade do Ministerio de Fomento, e que ve razonabéis as peticións dos veciños.
8. Colaboración para celebrar os actos do milenio da parroquia.
9. Arranxo do lavadoiro de **O Vigarío**. Como é de propiedade privada vai ser difícil o seu arranxo se non fai unha cesión ao Concello.
10. Saneamento e suministro de auga o antes posible.
11. Varios veciños queren saber en que fase se atopa o contrato de basuras. Nestes momentos está en fase de contratación. No seu debido tempo faranse reunións informativas nas parroquias e barrios.
12. Dende a comunidade de montes se queixan do escaso caudal do río Rons na saída do Pontillón do Castro, queren saber si se cumpre co caudal ecolóxico.